



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN MARCO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS, DIDÁCTICAS E DE DIFUSIÓN DURANTE O ANO 2018.

A directora xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura el Turismo, DECLARA:

Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, formalizou coa Fundación Marco de Vigo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 15 de decembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

É obxecto do presente convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación Marco, **a colaboración no desenvolvemento da programación anual de actividades expositivas, culturais, didácticas e de difusión no Museo de Arte Contemporánea para o ano 2018.**

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

A Fundación Marco, ten como obxectivos, segundo consta nos seus Estatutos Fundacionais, a realización de actividades culturais de investigación, educación, formación, conservación, exhibición e difusión da arte e a cultura contemporánea, con particular atención a produción artística da Comunidade Autónoma galega, así como a estatal e internacional, mediante a adquisición, conservación, estudo, exposición e interpretación educativa de fondos, ó tempo que impulsa a estimulación da sensibilidade na sociedade da cultura en xeral. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, dentro dos seus ámbitos de competencias amósase receptiva a todas aquelas iniciativas culturais que teñan por obxecto a protección e conservación do noso patrimonio cultural.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia financiará as actividades descritas con cargo á aplicación orzamentaria **10.21.432A.481.3** dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, cunha achega máxima de **100.000 €** no ano 2018.

De acordo co artigo 26 da Lei de subvencións de Galicia, para o outorgamento desta axuda non é posible promover a concorrência pública dado o carácter singular das actividades subvencionadas, que non as vai desenvolver ningunha outra institución coa proxección nacional e internacional do Marco. Así mesmo, resulta de utilidade pública tanto pola diversidade de sectores de poboación coma polo número de persoas que participan nelas. Dado o seu marcado carácter singular, no estado de gastos dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018 recóllese unha subvención a favor da Fundación Marco.





Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que así conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela

